

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**A XUNTA APOIARÁ A CONSTRUCIÓN E O DESENVOLVEMENTO EN MADEIRA DUN
TOTAL DE 170 PROXECTOS DENTRO DO PLAN DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA**

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria, prevé a mobilización de máis de 9 M€ en axudas a particulares, autónomos e empresas*
- *Foméntase, mediante axudas directas, o uso da madeira na elaboración de proxectos de construción de naves e locais de negocio, casas unifamiliares, desenvolvemento de envases e embalaxes e obras e reformas feitas neste material*
- *Os apoios, que cubrirán o 80% do investimento e ata un máximo de 25.600 euros, enmárcanse no Plan de reactivación económica e permiten potenciar a Galicia verde e rural*

O Consello da Xunta informou hoxe da posta en marcha de axudas para apoiar a construción e o desenvolvemento de produto con madeira dentro do Plan de reactivación económica de Galicia. Esta medida prevé apoiar un total de 170 proxectos, cos que se mobilizarán máis de 9M€.

En concreto, o programa inclúe catro liñas de apoios para o desenvolvemento de produtos, proxectos e obras realizadas en madeira. Por unha parte, ofrécense axudas para a redacción de proxectos de execución de construción nova, rehabilitación de naves e establecementos de negocio que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais. Por outra parte, haberá apoios a proxectos para o desenvolvemento e fabricación de envases, embalaxes ou expositores realizados con madeira. Unha terceira liña destinarase á redacción de proxectos de execución de novas vivendas unifamiliares ou rehabilitación e reconstrución. Por último, poderase optar a axudas para realizar obras de reforma ou acondicionamento de locais comerciais ou de negocio con produtos en madeira.

As axudas, que alcanzan os 1,7M€, están dirixidas tanto a empresas, microempresas e autónomos como persoas físicas, dependendo do tipo de apoio, e prevese mobilizar 9,35M€, beneficiando non só aos promotores e empresas que impulsan os proxectos, senón aos profesionais -arquitectos, enxeñeiros e deseñadores ou empresas de carpintería- que os desenvolvan. En todos os casos o importe máximo da axuda será do 80% cun límite de 25.600 euros na primeira liña; 12.000 na segunda; 16.000 na terceira e 20.000 na última.

As axudas, cuxo prazo se abrirá nos próximos días, enmárcanse no Plan de reactivación económica e, en concreto, no obxectivo de impulsar a transformación económica e industrial da Comunidade potenciando a Galicia verde e rural. Ademais están en liña coa Axenda da industria forestal 2019-2021 que pretende que os produtos forestais actúen como o elemento central para fomentar a bioeconomía, utilizando a madeira como elemento de orixe natural, reciclable e reutilizable.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Deste xeito, este programa de apoios servirá para fomentar a demanda de produtos de madeira, tendo en conta a utilización de elementos locais e tamén a protección medioambiental. Neste sentido, para a fabricación de envases en madeira os solicitantes disporán dunha ferramenta de autoavaliación ambiental, que establece o impacto en función da especie de madeira utilizada e da localización dos provedores, favorecendo a produción local.